



C O N C E L L O
DE
MORAÑA

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: morana@concellos.depontevedra.es
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA
36660 MORAÑA (Pontevedra)

B A N D O

Axudas para ASCENSORES

D^a. María Luisa Piñeiro Arcos, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Moraña

FAI SABER:

Que a Consellería de Economía e Industria (Xunta de Galicia) convocou axudas para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e seguranza nas instalacións de ascensores existentes para o ano 2012.

BENEFICIARIOS: Comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal, legalmente constituídas de acordo coa Lei 49/1960, do 21 de xullo de propiedade horizontal, que reunan os requisitos establecidos na orde.

OBJECTO DA SUBVENCIÓN:

Actuacións de mellora da eficiencia enerxética e seguranza en instalacións de ascensores existentes, pertencentes a comunidades de propietarios de edificios en réxime de propiedade horizontal, tendo a consideración de actuacións subvencionables:

- ✚ A substitución de equipamento por unha máquina de tracción directa, sen reductor.
- ✚ A substitución de motores por outros controlados por variador de frecuencia ou aparellos con propósito equivalente.
- ✚ Instalacións de controis con sistema de detectores de presenza. Estas actuacións deberán ir acompañadas por calquera das outras actuacións anteriores.

CONTÍA DA AXUDA: A intensidade da axuda será dun 50% do investimento subvencionable per en ningún caso, baixo esta convocatoria, poderá concederse unha subvención superior a 3.000 euros por comunidade de propietarios. Non se admitirán a trámite solicitudes cun investimento subvencionable inferior a 3.000 euros. Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro de 2012 e a data de presentación da solicitude de libramento e, en todo caso, con data anterior ao prazo máximo de xustificación (30 novembro 2012).

PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: ata o **12 de xullo de 2012.**

Información e asesoramento: Concello de Moraña [Tfno. 986 55 30 05].

Moraña, 13 de xuño de 2012
A ALCALDESA

Asdo: María Luisa Piñeiro Arcos

